5º) Financiamento: O contrato financiouse con cargo á aplicación orzamentaria 0112/93361/85090, na que existe crédito adecuado e suficiente.

6º) Forma de adxudicación: Por razón da contía, o contrato tivo encaixe nos supostos do contrato menor, de conformidade co previsto no artigo 118 de LCSP. O contrato adxudicouse mediante adxudicación directa ao vendedor, á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, unha vez

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	12/22





aprobado o gasto e outorgada a escritura pública de compravenda, de conformidade co artigo 121 en relación co 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, que establece a posibilidade da adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer ou a especial idoneidade do ben.

No presente caso, non foi posible promover a concorrència por tratarse dun valor concreto a adquisición dunha acción do capital social de TRAGSA, de conformidade co establecido na disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017.

Así mesmo, faise constar que non se alterou o obxecto do contrato para evitar a aplicación das normas xerais de contratación, e que non se subscribiron máis contratos menores coa Dirección Xeral do Patrimonio do Estado que, individual ou conxuntamente, superen os 15.000 €. (Limitación esixida pola LCSP, no momento da adquisición)

Non é preceptiva a elaboración dun prego de cláusulas administrativas, se ben, deben quedar definidos o obxecto do contrato así como os dereitos e obrigas das partes.


7º) Publicidade: o contrato: Unha vez formalizada a escritura, a información do contrato foi publicado na forma prevista no artigo 63.4 de LCSP.

8º) Órgano competente: O Presidente é o órgano competente para a presente contratación a teor do establecido na disposición adicional 2ª da LCSP.

Polo exposto, e tendo sido emitido informe favorable da Intervención, pódese constatar que a adquisición por parte da Deputación Provincial de Lugo dunha acción do capital social da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA), de forma que esta pasaría a ter a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, se axustou plenamente a dereito:

II.- ANÁLISE DA NECESIDADE DE ADOPCIÓN DO ACORDO POR PARTE DO PLENO PARA A AURORIZACIÓN DA COMPRA DUNHA ACCIÓN DE TRAGSA.

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	13/22



Como ben di a Sentenza, no fundamento da súa resposta xudicial, “El planteamiento de la cuestión es sencillo y se ciñe a determinar si era o no preceptivo el Acuerdo Plenario de la Diputación Provincial de Lugo para integrar a Tragsa en la organización provincial como medio propio personificado”.

Continua razoando a Sentenza que “Ahora bien, en la medida en que la compra de esa acción conlleva la adhesión de la Diputación a dicha empresa, y con ello su integración en la organización provincial”.

Non podemos estar máis en desacordo con dita afirmación, por dous motivos:

a) A compra da acción non supón unha “adhesión” á TRAGSA, pola contra, dita compra supón unha participación no seu capital social, do que a Deputación Porvvincial, nise momento, pasa a ser accionista, sendo un negocio de contido patrimonial e non unha cuestión organizativa, como se dice na Sentencia.


b) TRAGSA, en ningún caso, é un órgano da Deputación Provincial de Lugo, simplemente é un medio propio. Establecer a súa conceptualización como órgano sería tanto como darlle a mesma conceptualización a todos os contratistas que executasen obras para a Deputación de Lugo.

Pero, analizando a afirmación da Sentencia de que o encargo a medio propio entra dentro das potestades de autoorganización e, polo tanto, require dun acordo Plenario para que se poida adquirir a acción, dándolle conceptualización de órgano administrativo, chocaría coa propia definición contida no art. 5 da Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Réxime Xurídico do Sector Público, que realiza dos órganos administrativos, xa que dispón que:

“Órganos administrativos

1. Tendrán la consideración de órganos administrativos las unidades administrativas a las que se les atribuyan funciones que tengan efectos jurídicos frente a terceros, o cuya actuación tenga carácter preceptivo.

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	14/22





2. *Corresponde a cada Administración Pública delimitar, en su respectivo ámbito competencial, las unidades administrativas que configuran los órganos administrativos propios de las especialidades derivadas de su organización.*

3. *La creación de cualquier órgano administrativo exigirá, al menos, el cumplimiento de los siguientes requisitos:*

- a) Determinación de su forma de integración en la Administración Pública de que se trate y su dependencia jerárquica.*
- b) Delimitación de sus funciones y competencias.*
- c) Dotación de los créditos necesarios para su puesta en marcha y funcionamiento.”*

4. *No podrán crearse nuevos órganos que supongan duplicación de otros ya existentes si al mismo tiempo no se suprime o restringe debidamente la competencia de estos. A este objeto, la creación de un nuevo órgano sólo tendrá lugar previa comprobación de que no existe otro en la misma Administración Pública que desarrolle igual función sobre el mismo territorio y población.”*

Analizando o encargo realizado ao medio propio TRAGSA, podemos concluir:

- TRAGSA non é unha unidade administrativa*
- As actuacións que se lle encomendan a TRAGSA non producen efectos xurídicos a terceiros*
- As actuacións de TRAGSA non teñen carácter preceptivo.*

Como conclusión, TRAGSA non reúne ningún dos requisitos que a Lei 40/2015 de 1 de outubro, contempla para que teña a consideración de órgano administrativo e, polo tanto, sexa preciso un acordo organizativo, como se pon de manifesto na Sentencia.

Non en tanto, aún admitindo únicamente a efectos de debate, a tesis da Sentencia de que a compra dunha acción de TRAGSA suporía un acto organizativo e, en consecuencia, TRAGSA pasaría a ser un órgano da administración provincial, chocaría cos requisitos esixidos para a creación de órganos administrativos, recollidos nos apartados 2 e 3 do citado art. 5, e que, por outra banda, non consta que se cumpriran en ningunha das corporacións que a propia Sentenza pon como exemplo de bon facer, en relación co asunto, xa que analizados os acordos adoptados por ditas corporacións e que máis adiante se analizarán, límítanse a facer unhas declaracións xenéricas de darlle a TRAGSA a conceptualización de medio propio..

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	15/22



Por outra banda as referencias, que se fan na Sentencia, aos art. 33 e 34 da LCSP, como fundamento do seu fallo, non se constata que teñan sido vulnerados pola actuación provincial. En efecto, o art. 32 da LCSP dispón que

“Encargos de los poderes adjudicadores a medios propios personificados 1. Los poderes adjudicadores podrán organizarse ejecutando de manera directa prestaciones propias de los contratos de obras, suministros, servicios, concesión de obras y concesión de servicios, a cambio de una compensación tarifaria, valiéndose de otra persona jurídica distinta a ellos, ya sea de derecho público o de derecho privado, previo encargo a esta, con sujeción a lo dispuesto en este artículo, siempre y cuando la persona jurídica que utilicen merezca la calificación jurídica de medio propio personificado respecto de ellos de conformidad con lo dispuesto en los tres apartados siguientes, y sin perjuicio de los requisitos establecidos para los medios propios del ámbito estatal en la [Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público](#).

Como xa se ten razoado, a Deputación de Lugo axustouse plenamente ao contido de dito artigo, polo que non se chega a comprender cal é a vulneración do ordenamento xurídico cometida a que, sin explicitar, faise referencia na sentenza.

A maior abastanza non se entende a referencia que a Sentencia fai ao art. 33 da LCSP xa que nise art. regúlanse os “ Encargos de entidades pertenecientes al sector público que no tengan la consideración de poder adjudicador a medios propios personificados” suposto que non é de aplicación ao caso que nos ocupa a o ter a Deputación Provincial de Lugo a conceptualización de poder adxudicador, de acordo co disposto no art. 3 da LCSP, que dispón que:


“3. Se considerarán poderes adjudicadores, a efectos de esta Ley, las siguientes entidades:
a) Las Administraciones Públicas.

..... “

De igual maneira non se motiva cal é a vulneración doutros preceptos legais, citados na Sentencia.

En efecto as referencias legais que se poñen de manifesto son as seguintes:

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	16/22





“Artículo 4 da LRBRL.

1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:

a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.

Artículo 33 da LRBRL.

1. El Pleno de la Diputación está constituido por el Presidente y los Diputados.

2. Corresponde en todo caso al Pleno:

a) La organización de la Diputación

Artículo 85 da LRBRL .

1. Son servicios públicos locales los que prestan las entidades locales en el ámbito de sus competencias.

2. Los servicios públicos de competencia local habrán de gestionarse de la forma más sostenible y eficiente de entre las enumeradas a continuación:

A) Gestión directa:

a) Gestión por la propia Entidad Local.

b) Organismo autónomo local.

c) Entidad pública empresarial local.

d) Sociedad mercantil local, cuyo capital social sea de titularidad pública.”

Razoa a Sentencia que: “que esa decisión se enmarca dentro del ejercicio de la potestad de autoorganización de la Diputación”. Con esta afirmación, a xuízo do que suscribe, estase confundindo entre o que é unha potestade administrativa das administracións locais de carácter territorial, coas atribucións dos órganos que a exercen.

Ó facerse referencia ao art 33 da LRBRL, entendemos que se refire, aunque sin citalo, á atribución recollida no apartado a) para o Pleno, pero omítese o recollido no art. 34 da LRBRL que dispón que

“1. Corresponde en todo caso al Presidente de la Diputación:

a) Dirigir el gobierno y la administración de la provincia.”

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	17/22



Polo tanto, é meu parecer, que a Sentencia confunde, como se ten dito, dous conceptos distintos, a saber:

- *as potestades administrativas*
- *as atribucións dos órganos*

En efecto a potestade de autoorganización da Deputación Provincial é única e, pola contra, dita potestade pode ser exercida por dous dos seus órganos provinciais, a saber, o Pleno e o Presidente e, entendo, que a adquisición dunha acción por parte do Presidente encaixa perfectamente dentro das súas potestades. Máis aínda, os exemplos das Corporacións que se citan na sentencia, en algún caso é o Pleno o que acorda a adquisición da acción e, igualmente ao meu xuízo, entendo que sería un órgano incompetente, a vista da distribución das atribucións que fai a LBRL, no seus art. 33 e 34.

III.- ANÁLISE DA EXISTENCIA DE CAUSA DE NULIDADE, DAS RECOLLIDAS NO ART. 47 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS.

Razoa a Sentenza que “lo que se echa en falta en nuestro caso y que supone un vicio de nulidad de pleno derecho de los actos administrativos impugnados es la previa decisión del Pleno”

Pois ben, admitindo a efectos dialécticos, que fose necesario un acordo do Pleno para a compra dunha acción de TRAGSA e súa declaración como medio propio, non se pode estar mais en desacordo coa consecuencia de que, pola omisión de dito trámite, esteamos en presenza dun suposto de nulidade do acto administrativo.


En efecto o art. 47 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro dispón que:

“Artículo 47. Nulidad de pleno derecho.

1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

- a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.*
- b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.*
- c) Los que tengan un contenido imposible.*

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	18/22





- d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.
- e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.
- f) Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.
- g) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición con rango de Ley.”
- Nada razoa a Sentencia sobre cal é a vulneración do ordeamento xurídico que se contén nos acordos recurridos, que determine tan fatal consecuencia para o acto administrativo.


Dunha mera lectura da resposta xudicial e dos supostos de nulidade do art. 47 da LCSP, pódese concluir que só poderían ter cabida como causa de nulidade as recollidas nos apartados b) y e).

En relación co apartado b), actos dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio, temos que descartala de plano. En efecto, aínda que se tratase dunha cuestión organizativa, como xa se ten argumentado, é claro e evidente que tanto o Pleno como o Presidente teñen competencias na materia, e polo tanto, a presunta incompetencia manifesta non se tería producido. No que se refire a incompetencia territorial, como é obvio, non merece máis reflexión.

Polo que se refire ao apartado e), prescindiendo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, é claro, meridiano e palmario, que no procedemento seguíronse todos os trámites precisos para a compra da acción. De estimarse vulnerado o ordeamento xurídico polo feito de que non se tivera adoptado un acordo plenario previo, en ningún caso suporía unha vulneración de que se teña prescindido, “total e absolutamente, do procedemento administrativo establecido ao efecto.”

De terse producido unha vulneración do ordeamento xurídico, cousa que se rexeita polos motivos expostos, ésta, en ningún caso sería unha causa de nulidade radical, sendo, ao sumo, unha causa de anulabilidade do art. 48 da LPAC.

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	19/22



IV.- ANÁLISE DOS ACORDOS ADOPTADOS POLAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, ÁS QUE A SENTENCIA PON DE EXEMPLO DE CORRECTA ACTUACIÓN.

Cita a Sentencia, como exemplo de bon facer, en supostos similares que “otras Diputaciones, como, por exemplo, las incorporadas recientemente: Córdoba, Jaén, Málaga, Zaragoza, Salamanca o Palencia, sí han acordado en sesión plenaria la autorización de la adquisición de la acción de Tragsa para integrarla como medio propio personificado”.

Analizados os seguintes acordos

a) *Acordo da Deputación Provincial de Córdoba*

• *Pleno de la Deputación provincial de Córdoba, en data 18 de novembro de 2018,*

b) *Acordo da Deputación Provincial de Jaén*

• *Pleno de la Deputación provincial de Córdoba, en data 30 de outubro de 2019*

c) *Acordo da Deputación Provincial de Salamanca*

• *Pleno de la Deputación provincial de Salamanca, en data 19 de maio de 2019*

c) *Acordo da Deputación Provincial de Málaga*

• *Pleno de la Deputación provincial de Málaga, en data 2 de decembro de 2020*

e) *Acordo da Deputación Provincial de Palencia*

• *Pleno de la Deputación provincial de Palencia , en data 30 de xullo 2020*

f) *Acordo da Deputación Provincial de Zaragoza*

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	20/22





- Pleno da Deputación provincial de Zaragoza, en data 10 de setembro de 2020

Pois ben, en todos eles o que se acorda é similar, si non idéntico:

- Aprobar a adquisición, a título oneroso, por parte das diferentes Corporacións dunha acción de TRAGSA.
- Outorgar conformidade, en aplicación do art. 32 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, para a consideración de TRAGSA como medio propio personificado das Diputacións Provinciais.

Como se pode comprobar, os exemplos que se poñen na Sentenza non fan referencia a que sexan actos organizativos, pola contra, refírense, no caso da compra da acción, a unha atribución que lle corresponde ao Presidente, e noutro caso, a unha declaración de medio propio de TRAGSA que, ao meu xuízo, non é necesaria, xa que a condición de medio propio deriva dun recoñecemento “ex lege” realizado pola Lei de LCSP.

CONCLUSIÓN

Con base nas consideracións xurídicas expostas, a xuízo do que subscribe, procede que se realicen as seguintes actuacións:

- A interposición de recurso de apelación contra a Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no procedemento ordinario 43/2020.
- Non obstante, en tanto non se resolta dito recurso, a maior brevidade posible, adoptar acordo polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, ad cautelam, e co obxecto de garantir a seguridade xurídica das actuacións provinciais, no mesmo sentido que os acordos adoptados polas Corporacións as que se fai referencia na Sentencia.

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	21/22



Con base no anteriormente exposto propono que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, sen perxuízo de que pola Asesoría Xurídica se interpoña recurso de apelación, coa finalidade de dotar de seguridade xurídica as actuacións provinciais, en tanto non se dicte Sentenza firme, ad cautelam, que se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Ratificar a adquisición pola Deputación Provincial de Lugo dunha acción do capital social da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) disposta por Resolución da Presidencia de data 13 de decembro de 2019.

SEGUNDO.- Ratificar o disposto na Resolución da Presidencia de data 13 de decembro de 2019 de forma que, dende dito momento, TRAGSA pasou a ter a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo.

TERCEIRO.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno, de data 27 de decembro de 2019, polo que se encargou a TRAGSA, como medio propio da Deputación Provincial de Lugo, o servizo de mantemento e conservación das zonas verdes”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG; votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220412&punto=2>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Fecha y Hora	27/04/2022 13:48:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DVXZQJVUMT3R66J5V6D7DD4	Página	22/22

